

1. A competencia para aprobar o cadro de persoal nos concellos, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, bases de réxime local (en adiante LBRL), correspóndelle:

- a) Ao alcalde, que pode delegar no concelleiro competente en materia de persoal
- b) Á Xunta de Goberno local, que pode delegar no concelleiro competente en materia de persoal
- c) Ao Pleno municipal**
- d) Ao Pleno municipal, que pode delegala no alcalde

2. A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, segundo o artigo 23 da LBRL correspóndelle:

- a) Aos órganos complementarios que se designen
- b) Á Xunta de Goberno local**
- c) Ao concelleiro que designe o alcalde expresamente para iso
- d) Á Comisión especial de suxestións e reclamacións

3. De conformidade co establecido no artigo 26 da LBRL para que sexa exigible a un municipio prestar o servizo de transporte colectivo urbano a súa poboación debe ser superior a:

- a) 50.000 habitantes**
- b) 20.000 habitantes
- c) 70.000 habitantes
- d) 25.000 habitantes

4. Segundo o artigo 88 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF):

- a) As sesións da Xunta de Goberno local e Pleno serán públicas. Poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española
- b) Serán públicas as sesións do Pleno. No entanto, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta**
- c) Serán públicas as sesións do Pleno. Poderá ser secreto o debate daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española
- d) Será públicas as sesións do Pleno cando se acorde por maioría absoluta

5. Segundo o artigo 99 do ROF:

- a) O voto dos concelleiros é persoal e delegable nos casos previstos legalmente
- b) O voto dos concelleiros é persoal e delegable
- c) O voto dos concelleiros é persoal e delegable en caso de imposibilidade de concorrer á sesión
- d) O voto dos concelleiros é persoal e indelegable**

6. De conformidade co establecido no artigo 63.1 da LBRL (Capítulo III, Título V), xunto aos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo, poderán impugnar os

actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico:

- a) A Administración do Estado e a das Comunidades Autónomas, nos casos e termos previstos neste Capítulo
- b) A Administración do Estado e a das Comunidades Autónomas, no caso de que afecten o ámbito das súas competencias
- c) A Administración do Estado e a das Comunidades Autónomas, nos casos e termos previstos neste Capítulo e os membros das corporacións que votasen en contra de tales actos e acordos**
- d) Todas as entidades territoriais afectadas polos actos e acordos que se adopten

7. Segundo o artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLFL), dedicado ao procedemento de elaboración e aprobación do orzamento da entidade local:

- a) O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente**
- b) O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, aínda que poden aprobarse cada un deles separadamente
- c) Cada un dos orzamentos que integran o xeral, deberá aprobarse separadamente, non comprometendo a validez dun aos outros
- d) Cada un dos orzamentos que integran o xeral, deberá aprobarse separadamente

8. Segundo o artigo 2 do TRLFL non é un recurso das facendas locais:

- a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado
- b) Os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos e as recargas exixibles sobre os impostos das comunidades autónomas ou doutras entidades locais
- c) As participacións nos tributos do Estado e das comunidades autónomas
- d) Os ingresos de dereito privado que procedan dos bens de dominio público local**

9. Segundo o artigo 22 da LBRL a aprobación das ordenanzas correspóndelle:

- a) Á Xunta de Goberno local, podendo delegar esta competencia no alcalde
- b) Ao Pleno, que a poderá delegar na Xunta de Goberno local
- c) Ao Pleno, sen que poida delegar esta competencia**
- d) Á Xunta de Goberno local, sen que poida delegar esta competencia

10. Segundo o artigo 127.1 da LBRL, correspóndelle aprobar a oferta de emprego público nos municipios de gran poboación:

- a) Á Xunta de Goberno Local, que pode delegar no concelleiro competente
- b) Ao Pleno da corporación
- c) Á Xunta de Goberno Local, sen que caiba delegación desta competencia**
- d) Á Xunta de Goberno Local, que pode delegar no alcalde ou concelleiro competente

11. Segundo o artigo 49 da LBRL, dedicado á aprobación das ordenanzas, o período de Información pública e audiencia aos interesados, para presentación de reclamacións e suxestións,

é:

- a) **Un prazo mínimo de trinta días**
- b) Un prazo máximo de trinta días
- c) Un prazo mínimo de vinte días
- d) Un prazo máximo de vinte días

12. Segundo o artigo 5 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (en adiante RBEL), os bens comunais e demais bens de dominio público son:

- a) Os que sendo propiedade da Entidade Local non estean destinados a uso público nin afectados a algún servizo público e poidan constituír fontes de ingresos para o erario da Entidade
- b) **Inalienables, inembargables e imprescritibles e non están suxeitos a tributo ningún**
- c) Inalienables, inembargables e imprescritibles, agás disposición legal
- d) Os que sendo propiedade da Entidade Local non estean destinados a uso público nin afectados a ningún servizo público

13. De acordo co artigo 122.2 da LBRL, nos municipios de gran poboación, o alcalde poderá delegar exclusivamente a convocatoria e a presidencia do Pleno:

- a) Cando o estime oportuno, exclusivamente en calquera dos Tenentes de alcalde
- b) **Cando o estime oportuno, en calquera dos concelleiros**
- c) Non pode delegar nin a convocatoria nin a presidencia do Pleno
- d) Pode delegar a convocatoria pero non a presidencia do Pleno

14. Seguindo o artigo 126.4 da LBRL, quen redactará as actas da Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación?

- a) O persoal funcionario nomeado ao efecto
- b) **Un membro da Xunta de Goberno Local que reúna a condición de concelleiro**
- c) A persoa titular da Secretaría Xeral
- d) A persoa titular da Asesoría Xurídica Xeral

15. Considerando o establecido no artigo 65.1 da LBRL, cando a Administración do Estado ou das Comunidades Autónomas considere, no ámbito das respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha Entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente este artigo, para que anule o devandito acto no prazo máximo de:

- a) Tres meses
- b) Dous meses
- c) **Un mes**
- d) Quince días

16. Cando a Administración do Estado ou dunha comunidade autónoma consideren, no ámbito das súas respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico poderán, de acordo co artigo 65 da LBRL:

a) Requirirle a entidade local no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acto ou acordo para que o anule

b) Só poderán impugnalos perante a xurisdición contencioso-administrativa

c) Requirirle a entidade local para que o anule no prazo máximo dun mes e simultaneamente impugnalos ante a xurisdición contencioso-administrativa

d) Impugnalos no prazo de quince días hábiles a partir da súa notificación

17. Tendo en conta o establecido no artigo 168 do TRLFL, o orzamento da Entidade Local será formado por:

a) O seu presidente

b) O interventor municipal

c) A Comisión Especial de Contas

d) O Pleno

18. De acordo co artigo 177.1 do TRLFL, cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de:

a) Transferencia de crédito

b) Traspaso de remanente de crédito

c) Concesión de crédito extraordinario

d) Suplemento de crédito

19. En atención ao artigo 70.2 da LBRL, se unha entidade local aproba definitivamente unha ordenanza en materia non fiscal, onde deberá publicarse?

a) No Boletín Oficial do Estado

b) No Diario Oficial de Galicia

c) No Boletín Oficial da Provincia

d) No taboleiro de edictos do Concello

20. A teor do establecido no artigo 4 do RBEL, as Casas Consistoriais son:

a) Bens de dominio público de servizo público

b) Bens patrimoniais

c) Bens de dominio público de uso público

d) Bens comunais

21. Entre a normativa vixente que contén determinacións en materia de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos atópase a:

a) Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos

b) Lei 59/2009, do 19 de decembro, de sinatura electrónica

c) Lei orgánica 3/2017, do 9 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

22. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPAC), cando as normas reguladoras dos procedementos non fixan o prazo máximo para ditar resolución expresa e notificala, leste será de:

- a) 6 meses
- b) 2 meses
- c) 3 meses**
- d) Non hai ningún prazo concreto

23. De acordo co artigo 100 da LPAC, cal dos seguintes non é un medio de execución forzosa dos actos administrativos?

- a) Prema sobre o patrimonio
- b) Multa non coercitiva**
- c) Execución subsidiaria
- d) Compulsión sobre as persoas

24. Segundo o artigo 58 da LPAC, os procedementos inicianse de oficio por acordo do órgano competente:

- a) Por propia iniciativa ou como consecuencia dunha orde superior
- b) Por petición razoada doutros órganos
- c) Por denuncia
- d) Todas as respostas anteriores son correctas**

25. Segundo o artigo 66 da LPAC, que dato non é necesario que conste na solicitude de iniciación dun procedemento por un interesado?

- a) A sinatura do solicitante ou a acreditación da autenticidade da súa vontade
- b) O lugar e a data
- c) O número de teléfono**
- d) A identificación do medio electrónico, ou na súa falta, do lugar físico no que desexa que se lle practique a notificación

26. Se a solicitude para iniciar un procedemento non cumpre os requisitos esixidos, que prazo establece o artigo 68 da LPAC para emendar o erro e achegar os documentos preceptivos?

- a) 20 días naturais
- b) 10 días hábiles**
- c) 10 días naturais
- d) 15 días hábiles

27. Segundo o artigo 30 da LPAC, o cómputo de prazos por días enténdese:

- a) Días hábiles, excluídos domingos e festivos
- b) Días hábiles, excluídos sábados, domingos e festivos**
- c) Días naturais
- d) Días hábiles ou naturais, segundo determine a norma reguladora do procedemento en cuestión

28. A tramitación de urxencia regulada no artigo 33 da LPAC:

- a) Acórdase só de oficio, non por solicitude do interesado
- b) Reduce á metade os prazos, incluídos os relativos á presentación de solicitudes e recursos
- c) **Non cabe ningún recurso contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia do procedemento**
- d) Reduce os prazos no tempo que determine o órgano competente

29. Segundo o artigo 41 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, que hai que comunicarlles ás persoas interesadas por medios electrónicos despois de que presenten un ou varios documentos no rexistro electrónico?

- a) A data e, no seu caso, a hora de inicio do cómputo dos prazos que obrigan á administración
- b) A data na que o órgano competente recibiu a solicitude
- c) O prazo máximo para resolver o procedemento e para practicar a notificación dos actos que lle poñan fin
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas**

30. Segundo se establece no artigo 106 da LPAC, as Administracións Públicas poden declarar que un acto é nulo:

- a) **En calquera momento**
- b) Sen requirir un ditame favorable do Consello de Estado nin do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma
- c) Só de oficio, nunca atendendo á solicitude do interesado
- d) No caso de que o acto non puxese fin á vía administrativa e non fose recorrido en prazo, nos supostos recolleitos no artigo 47.1 da LPAC

31. Que prazo establece o artigo 107 da LPAC para adoptar a declaración de lesividade dos actos anulables?

- a) Seis anos desde que se ditou o acto administrativo
- b) **Catro anos desde que se ditou o acto administrativo**
- c) Tres anos desde que se ditou o acto administrativo
- d) Dous anos desde que se ditou o acto administrativo

32. Que acto dos seguintes non é nulo de Pleno dereito, segundo o artigo 47 da LPAC?

- a) **O que dita un órgano incompetente por xerarquía**
- b) O ditado prescindindo totalmente do procedemento legalmente establecido
- c) O constitutivo de infracción penal
- d) O que lesiona dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional

33. Cal das seguintes circunstancias para nomear funcionarios interinos non se recolle no artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (en diante, TREBEP)?

- a) Substitución transitoria dos titulares
- b) Execución de programas temporais que non excedan os tres anos

- c) **Exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de tres meses, dentro dun período de 12 meses**
- d) Existencia de prazas vacantes, cando non é posible que as cubran os funcionarios de carreira

34. Cal dos seguintes é un dereito individual dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 do TREBEP?

- a) Dereito á mobilidade na condición de funcionario de carreira
- b) Dereito á formación continua e á actualización permanente dos coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente fose do horario laboral
- c) Dereito á asociación profesional corporativa
- d) **Dereito á intimidade no uso dos dispositivos dixitais postos á súa disposición e á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais**

35. Cal é a duración máxima da suspensión firme de funcións? (art. 96 do TREBEP)

- a) Tres anos
- b) Dous anos
- c) Catro anos
- d) **Seis anos**

36. O artigo 97 do TREBEP establece, respecto das faltas e sancións, que:

- a) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos e as leves, ao ano
- b) As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves, aos seis meses
- c) As infraccións moi graves prescribirán aos dous anos; as graves, ao ano e as leves, aos seis meses
- d) **As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves, ao ano**

37. A teor do artigo 24 da LPAC, sinala a resposta correcta:

- a) **Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do**
- b) mesmo Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do
- c) mesmo Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio
- d) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto non poderá producirse en ningún caso.

38. Segundo o artigo 32.4 da LPAC, cando unha incidencia técnica imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación de prazos non vencidos debendo publicar na sede electrónica:

- a) A indicación expresa do vencemento dos prazos
- b) A incidencia técnica acontecida e a ampliación concreta do prazo non vencido**
- c) Unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da súa metade dos mesmos
- d) Ningunha resposta é correcta

39. Cando un día fose hábil no municipio ou comunidade autónoma en que reside o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa: (Art. 30 da LPAC)

- a) Considérase hábil en todo caso
- b) Entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte
- c) Farase constar esta circunstancia nas notificacións
- d) Considérase inhábil en todo caso**

40. Cal é o prazo establecido no artigo 109 da LPAC para a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos das Administracións Públicas:

- a) 6 anos desde que se ditou o acto administrativo
- b) 4 anos desde que se ditou o acto administrativo
- c) 2 anos desde que se ditou o acto administrativo
- d) En calquera momento poderán facelo, de oficio ou a instancia de parte**

PREGUNTAS RESERVA

41. Considerando o artigo 18 do RBEL, agruparanse no epígrafe 5º do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, os seguintes bens:

- a) Vehículos**
- b) Semovientes
- c) Valores mobiliarios
- d) Mobles de carácter histórico

42. Segundo o artigo 80.1 do ROF:

- a) Corresponde ao alcalde ou concelleiro competente convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria das sesións extraordinarias haberá de ser motivada
- b) Corresponde ao alcalde ou concelleiro competente convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria das sesións haberá de ser motivada
- c) Corresponde ao alcalde ou Presidente convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria das sesións extraordinarias haberá de ser motivada**
- d) Corresponde ao alcalde ou concelleiro competente convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria de todas as sesións haberá de ser motivada

43. De acordo co artigo 98.3 do ROF, iniciada a votación, durante o seu desenvolvemento:

- a) Os membros corporativos que se ausentaron poderán entrar no Salón de Sesións para votar
- b) Poderá concederse o uso da palabra
- c) Ningún membro corporativo poderá abandonar o Salón de Sesións**

d) Deberá interromperse cando algún membro corporativo o solicite

44. O artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que as sesións plenarias da entidade local, fóra das extraordinarias con carácter urxente, serán convocadas polo menos con :

a) Dous días hábiles de antelación

b) Dous días naturais de antelación

c) 48 horas de antelación

d) O artigo non regula esta materia

45. En cumprimento do artigo 168.2 do TRLFL, o orzamento dun organismo autónomo dunha entidade local, proposto inicialmente polo órgano competente daquel, deberá ser remitido á entidade local da que dependa:

a) Antes do 15 de setembro de cada ano

b) Antes do 31 de decembro de cada ano

c) Antes do 30 de setembro de cada ano

d) Antes do 15 de decembro de cada ano